

# PRE-BRIEFING

## 3.0 – 2+1

1ª PROBA DA LIGA GALEGA  
DE RAID DE ORIENTACIÓN  
| CAMPIONATO GALEGO |



Fontes: Alberto Prado

RAID INTERIOR DE GALICIA:  
DENDE O ULLA ATA O BOCELO  
MELIDE, SANTISO E TOQUES

18 DE MARZO DE 2023

INSCRICIÓN ABERTAS ATA O MARTES 14/03/23: WWW.FEGADO.ES

CONTACTO: INFO@XESTANATUREZA.COM | 644567614

PATROCINAN:



COLABORAN:



ORGANIZAN:



PRE-BRIEFING I RAID INTERIOR DE GALICIA  
DENDE O ULLA ATA O BOCELO



---

Xa queda moi pouquiño para dar o pistoletazo de saída a este I Raid INTERIOR DE GALICIA: DENDE O ULLA ATA O BOCELO, e sabemos que algúns de vós comezades a estar algo nerviosos pola aventura que ides emprender no epicentro de Galicia, nun terreo nunca antes tocado por unha proba de orientación.

Neste documento pretendemos aclarar algúns aspectos relativos ao trazado, de todas formas repetirémolo o sábado antes da saída.

Será un raid con sección LINEAIS NON OBRIGATORIAS, é dicir, tedes que pasar polas balizas na orde indicada pero non son obrigatorias, podedes saltarvos as que consideredes coa vosa estratexia de carreira. E outras sección SCORE, é dicir, seredes vós os que decidades a orde no que coller as balizas.

Cremos que a maioría dos equipos deberían completar o percorrido completo.

Os mapas foron creados para a ocasión e revisados para a ocasión. Nas BTT está representada toda a rede de camiños, variando o trazo segundo a súa ciclabilidade. O bosque está representado como branco, as zonas despexadas como marrón, as zonas privadas cun ton verde.

Os mapas dos trekkings son con base BTT pero engadindo detalles de vexetación e elementos característicos.

Na primeira parte do percorrido, veredes pintada no mapa unha autovía, esta é a que une Lugo con Santiago, pero neste tramo aínda non está acabada, decidimos deixala representada aínda que en partes a súa construción está mais avanzada que noutras zonas. Os pasos que debes tomar para cruzala están perfectamente representados.

Na seguinte [ligazón](#) deixámosvos un mapa cos lugares importantes que debes coñecer: zona saída, meta, transicións, zona de aparcamento, secretaría...



Conforme rematedes a proba, poderedes hidratarvos, **temos unha billa con cervexa esperándovos**. E ao rematar todos, a partir das 20:15, xunto coa entrega de premios e os sorteos, poderedes recuperar forzas cun marabilloso pincho que estamos preparando...

**PEDÍMOSVOS, POR FAVOR, QUE VOS QUEDEDES A DISFRUTAR DA FESTA POST CARREIRA!!**

## **PRE-BRIEFING I RAID INTERIOR DE GALICIA DENDE O ULLA ATA O BOCELO**



Entrega de mapas as 9:15.

O Cortaventos será material obrigatorio. Un por corredor.

## **S1 – SCORE URBANO**

Score urbano polo centro de Melide. O tráfico estará aberto polo que debes Respectar as estradas e cruzar polo pasos de peóns. As estradas que atravesan Melide teñen moito tráfico, tede coidado.

Hai unha rúa que está en obras, con vallas para evitar que entren os coches, podemos correr por ela.

Respectaremos tamén os diferentes viandantes que circulen polas veira rúas.

Os equipos 3.0 podedes deixar as zapatillas na transición.

## **S2 (3.0) S3 (2+1) – BTT (lineal)**

BTT que nos leva ata o Concello de Santiso. Sección moi rápida, circularemos por camiños de terra e pequenos camiños asfaltados, moito ollo cos posibles vehículos que nos podemos atopar.

Ollo as estradas prohibidas.

## **S3 (3.0) S4 (2+1) – CAIAC (score)**

Na categoría 3.0 remarán 2, o 3º compoñente descansa (teremos unha carpa para poder resgardarse da choiva). Tamén temos unha garrafa de auga por equipo 3.0 e 2+0.

As asistencia dos equipos 2+1 mirade o mapa de localizacións para o tema aparcamento e seguíde as instrucións do persoal da organización.

Os equipos 3.0 deixaredes as bicis onde vos indique a organización.

O Caiac se desenvolve no encoro de Portodemouros. Nel se atopa a illa da Altura na cal teredes balizas as que só podedes chegar a pé. No mapa sinalamos unhas zonas onde podedes desembarcar, están marcadas con parénteses violetas. Na parte da costa marcada cunha liña violeta **NON** se pode desembarcar. **SO** podedes desembarcar nas zonas indicadas, no resto da illa consideramos que non é seguro ou posible.

Tamén teredes balizas no entorno do encoro as cales deberedes chegar co caiac.

# **PRE-BRIEFING I RAID INTERIOR DE GALICIA DENDE O ULLA ATA O BOCELO**



## OLLO A HORA DE PECHE DESTA SECCIÓN!!

### **S4 (3.0) S5 (2+1) – BTT (lineal)**

Sección de BTT de 26 km que nos levará ata o concello de Toques. Trátase dunha sección moi rápida, que discorre por camiños con bo firme e pequenas estradas. A parte final ten bastante desnivel acumulado.

Na contorna da baliza 5 se estará disputando un torneo de rastreo de caza, polo que é posible que vos atopedes con cans ou con coches polas pistas. Están avisados do noso paso e intentarán desprazarse a outra zona do monte na franxa na que nos pasaremos por alí.

Moito ollo os coches que nos podemos atopar.

Esta sección cruza algunha estrada nacional por pasos marcados no mapa como obrigatorios. Son pasos a mesmo nivel, polo que **EXTREMAREMOS** as precaucións.

OLLO AS ESTRADAS PROHIBIDAS!

### **S5 (3.0) S6 (2+1) – Trekking (lineal)**

A transición será no interior do pavillón deportivo de Toques.

Teremos unha garrafa de auga por equipo 3.0 e 2+0.

Sección de Trekking, a maioría por camiños tendo algún tramo de navegación.

A hora de representar o mapa, distinguimos os bosques limpos como brancos, e os impasables como verde.

OLLO AS ESTRADAS PROHIBIDAS!

**OLLO A HORA DE PECHE DESTA SECCIÓN!!** Pois está pensada para que vos dé tempo a chegar a meta do raid.

### **S6 (3.0) S7 (2+1) – BTT (lineal)**

Volvemos a Melide!

A segunda baliza está nunha ponte, ollo que pode esbarrar.

Pasada a 2º baliza, a liña que nos une as balizas nos leva a un tramo marcado sobre mapa. Deberemos seguir ese itinerario ata atopar a baliza oculta. Está na senda.

Antes da última baliza teremos un paso obrigatorio que será por debaixo da estrada.

OLLO AS ESTRADAS PROHIBIDAS!

**OLLO A HORA DE PECHE DO RAID!!**

**PRE-BRIEFING I RAID INTERIOR DE GALICIA  
DENDE O ULLA ATA O BOCELO**



## **S6 (3.0) S7 (2+1) – Trekking (lineal)**

Sección de Trekking, a maioría por camiños tendo algún tramo de navegación. A hora de representar o mapa, distinguimos os bosques limpos como brancos, e os impasables como verde.

Pasada a 1º baliza tedes un paso obrigatorio, facédeo polo paso de peóns respectando sempre a circulación.

**OLLO AS ESTRADAS PROHIBIDAS!**

**OLLO A HORA DE PECHE DO RAID!!**

---

O rematar a proba teremos un pincho ben rico con produtos da zona agardando para que os degustedes, así como cervexa de barril.

As 20:15 se fará a entrega de trofeos e tamén uns sorteos de produtos da zona.

Na zona da saída/meta, haberá baños químicos.

***¡ANÍMATE E QUÉDATE ATA O FINAL!  
¡VÉMONOS O SÁBADO!***

***Descansade agora que podedes*** 

**PRE-BRIEFING I RAID INTERIOR DE GALICIA  
DENDE O ULLA ATA O BOCELO**

